

A comunicación

Todos os seres humanos e os animais relaciónanse entre si transmitindo información. A **comunicación** é o proceso no que se emite e recibe información. O que transmite a información é o _____ e o que a recibe é o _____. A _____ é o que queremos transmitir.

Para que a comunicación sexa un éxito precisamos dun _____, que ten que ser coñecido tanto polo emisor como polo receptor; e dunha _____, que pode ser un altofalante ou as ondas do ar.

A comunicación pode ser verbal ou non verbal. Dicimos que a **comunicación** é _____ cando se emprega a linguaxe oral ou escrita. A **comunicación** _____ prodúcese por medio de sons, imaxes, xestos, olores...